



EN PRIMEIRA PERSOA UNHA CANTIGA

A musicóloga escolle unha das cantigas que ela mesma recolleu nos seus anos de traballo na Galiza. “Gustábanme as dos nenos”, indica cun sorriso melancólico. Lembra, en concreto, unha que dicía: “Mariana é pequena / trae o mandil pola lama / xa me canso de dicirche / ergue o mandil, Mariana”.

A musicóloga e compositora Dorothe Schubarth (Basilea, 1944) chegou a Galiza desde Suíza a finais dos anos setenta, nunha viaxe vacacional que se converteu nunha longa estadía de traballo. Arqueóloga do efémero, buscou retratar a raíz da nosa música, da que deixou constancia no *Cancioneiro Popular Galego*, publicado en sete volumes coa axuda de Antón Santamarina. Esta obra constitúe a biblia da lírica de tradición oral, resultado dun intenso traballo de recollida, clasificación e estudo do material que Schubarth, contra o exercicio de pura recompilación dos musicólogos da época, levou a cabo en profundidade das melodías, achegando unha proposta crítica de clasificación e propondo teorías sobre as orixes dos diferentes tipos. Finalizado o traballo, cedeu as súas gravacións ao Arquivo Sonoro de Galiza. Entrevístamola após a recollida do Premio Mestra da Memoria outorgado pola AELG en Lugo, coincidindo coa XII Xornada de Literatura de Tradición Oral.

De onde lle vén o interese pola música tradicional?
De onde? Iso non o sei. Crieime con moita tradición, era o que había antes, moita consciencia da tradición.

E como veu dar a Galiza?
Sempre me preguntan iso. Podes ir a todos os sitios, o feito importante é quedar. Cheguei a Galiza de vacacións, pero fiquei porque me resultou moi interesante, máis que outras rexións. Por iso estou aquí. Ademais, atopei o apoio e a axuda de xente como Antón Santamarina, iso fai moito.

Desde a cátedra de harmonía e contrapunto da Academia de Música de Lucerna, desenvolveu pescudas sobre a música dos Balcáns e do Cáucaso. Presentan semellanzas coa galega?
Nesas rexións do bordo aparecen melodías moi sinxelas,

digamos que primitivas, nun sentido de respecto pola palabra. Isto é bastante común nestes lugares, mentres en sitios do centro, onde hai máis evolución, mesmo unha tradición distinta como acontece coa música dos Alpes, non se atopan tan facilmente trazos unitarios. O que pasa é que moitas veces cadaquén quere ver o individual, o del, e esquecemos que estamos conectados dende antano.

A ordenación do Cancioneiro é fundamentalmente temática, mais ten sinalado que se volve se comezar non o faría do mesmo xeito. Que mudaría?

Iso sempre acontece, cando rematas un traballo desta envergadura pensas que poderías empezar de novo doutro xeito que che parece mellor. No caso do *Cancioneiro*, hai un problema de clasificación que xorde cando un canto pode estar en dúas categorías diferentes. Por exemplo, un canto de seitura pode ser un romance e un canto de labor. Que se pode facer con iso? Non teño solución para o problema. Loxicamente, unha vez rematado o traballo tes máis vista sobre o conxunto. Neste sentido, encaixa o que se fixo no sétimo volume, que practicamente constitúe un índice de melodías. Isto quere dicir que, como nun alfabeto, buscas un sistema para xuntar as melodías que son familiares, o que implica unha procura bastante intensa e metódica. Xa se fixo en cada volume e ao final elaborouse un que inclúe todas as melodías, pois vexo que para os que traballan na música é práctico. Se se entende o sistema, permite chegar a unha melodía e ver onde aparece, en distintas formas: como un canto de traballo, como unha copla, como un baile... pero é sempre a mesma. En realidade, é un pouco máis que un índice, mesmo dá algunha información a maiores, porén, debido á gran cantidade de datos que aparecen, igual esta dimensión non se percibe.

O obxectivo era ser o máis fiel posíbel ao orixinal na transcripción musical da cantiga, mais tamén lingüísticamente, atendendo ás variantes dialectais. Foi isto dificultoso sen dominar totalmente a lingua galega?
A transcripción faise ao pé da

“CADAQUÉN QUERE VER O INDIVIDUAL E ESQUECEMOS QUE ESTAMOS CONECTADOS DESDE ANTANO”

letra, tal como o dixerón as informantes. O sabio está alí [referíndose a Antón Santamarina], e tamén é unha posibilidade de ver as diferentes formas de falar.

Que método empregou para a catalogación?
As coplas puxéronse cada unha nunha ficha e as melodías tamén. Despois coloqueinas e no caso da música fixen dous sistemas e decidínme por un, pero copieei cada texto e experimentei

“EXISTE, CON TODO, A IDEA DE QUE A XENTE CANTA MAL PORQUE NON SE ADAPTA AO CLÁSICO”

con el. O primeiro de todo foi ver o número de versos, sen contar as repeticións, que non se teñen en consideración na música, por exemplo, cando o primeiro está repetido e logo veñen dous novos, ou ao revés. A este respecto hai moitas variantes. Para catalogar úsase en primeiro lugar o sistema básico, sen as variacións. Despois hai que prestar atención á melodía: se son poucas notas, se vai máis arriba, máis abaixo... Iso é outro parámetro. En resumo, dito isto, abárcase todo.

Que foi o que máis lle sorprendeu durante o proceso de recollida?
Afixenme a todo. Para min non foi cousa de sorprenden, senón de aprender a abrirme aos costumes que descoñecía e non eran iguais aos da miña cultura. Aquí vivíase doutra forma.

O Cancioneiro concíbese unicamente como unha ferramenta de estudo histórico e musical, ou tamén como un vehículo de transmisión cara ao futuro?
Esta pregunta é interesante, nunca ma fixeron. Na práctica aparecen mozos que queren transformalo dalgunha maneira. Francamente, non me gusta moito o que fan, pero é cousa deles. O *Cancioneiro* está aí e a xente pode facer con el o que teña a ben.

DOROTHE SCHUBARTH “O PULSO DO CANTO GALEGO É COMO UN PÉNDULO”

TEXTO E FOTO IRENE PIN

